



**Curso
2019/2020**

**Centro Autorizado Profesional de Música
“Cantiga”
Ourense**

**Adaptación Programación Didáctica
de Harmonía
Data: 11 Maio 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Profesores:

Christian Casas Hernández

Xairo Curras Porto

MATERIA: HARMONÍA

Marco normativo

Orde EFP/365/2020 publicada polo Ministerio de Educación e Formación Profesional de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, e Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Criterios de avaliación e mínimos esixibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

PRIMEIRO CURSO

1. Criterios de avaliación

- Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado dado.
- Realizar exercicios de harmonización a partir de triples dados.
- Realizar exercicios de harmonización a partir de baixos sen cifrar dados.
- Compor exercicios breves a partir dun esquema harmónico dado ou propio.
- Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos da harmonía tonal.
- Identificar auditivamente os principais procedementos sintácticos da harmonía tonal.
- Identificar auditivamente estruturas formais concretas.
- Identificar mediante a análise de obras os elementos morfolóxicos da harmonía tonal.
- Identificar mediante a análise de obras os procedementos sintácticos e formais da harmonía tonal.
- Identificar mediante a análise de obras os procedementos de transformación temática.
- Identificar auditivamente erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propor solucións.
- Identificar mediante a análise erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propor solucións.
- Improvisar no piano, a partir de esquemas propostos, os encadeamentos de acordes e procedementos da harmonía tonal estudados, dentro dun carácter basicamente homofónico.
- Tocar no piano os traballos realizados.

Mínimos esixibles

- Formación, análise e cifrado de acordes tríadas.
- Realización dos acordes tríadas directos.
- Voces ou partes harmónicas. Duplicacións. Supresións. Disposición dos acordes.
- Movementos harmónicos e melódicos permitidos e prohibidos.
- Enlace de acordes
- Unísonos. A sensible. Cruzamentos. Comezo e final.
- Primeira inversión ou acorde de sexta. Constitución. Disposición e realización.
- Segunda inversión ou acorde de cuarta e sexta. Constitución. Disposición e realización.
- Cambios na disposición dos acordes.
- Acordes de quinta de sensible. Construcción. Realización. Emprego.
- Acorde de quinta aumentada. Constitución. Realización. Emprego.
- Escalas.
- Progresións. Formación. Realización. Emprego.
- Cadencias. Cadencias conclusivas e suspensivas. Funcións tonal. O proceso cadencial.
- O baixo cifrado

SEGUNDO CURSO

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Criterios de avaliación

1) Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado dado. Con este criterio de avaliación trátase de comprobar o dominio do alumnado no referente á mecánica de encadeamento de acordes e a súa aplicación a unha realización coidada e interesante desde o punto de vista musical.

2) Realizar exercicios de harmonización a partir de triples dados. Con este criterio avaliarase a capacidade para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos por medio dunha realización coidada e interesante, con especial atención á voz do baixo.

3) Realizar exercicios de harmonización a partir de baixos sen cifrar dados. Este criterio permite avaliar a capacidade do alumnado para empregar cun sentido sintáctico os acordes e procedementos harmónicos, así como a súa habilidade para a consecución dunha realización correcta e interesante desde o punto de vista musical, con especial atención á voz de soprano.

4) Compor exercicios breves a partir dun esquema harmónico dado ou propio. Este criterio de avaliación permitirá valorar a capacidade do alumnado para crear na súa integridade pequenas pezas musicais a partir das indicacións harmónicas esquemáticas ou dos procedementos que se lle propoñan, así como a súa habilidade para acadar unha realización lóxica, coidada e interesante, con especial atención ás voces extremas.

5) Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Mediante este criterio poderá avaliarse o progreso da habilidade auditiva do alumnado a través da identificación dos tipos de acordes estudados, en estado fundamental e nas súas inversións.

6) Identificar auditivamente os principais procedementos sintácticos da harmonía tonal. Este criterio de avaliación ha permitir valorar o progreso da habilidade auditiva do alumnado no recoñecemento do papel funcional xogado polos acordes dentro dos elementos formais básicos (cadencias, progresións, etc.).

7) Identificar auditivamente estruturas formais concretas. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para identificar a forma en que está construída unha obra, así como para comprender a estreita relación entre a devandita forma e os procedementos harmónicos empregados.

8) Identificar mediante a análise de obras os elementos morfolóxicos da harmonía tonal. Con este criterio poderase valorar a habilidade do alumnado no recoñecemento dos acordes estudados e a súa comprensión desde o punto de vista estilístico.

9) Identificar mediante a análise de obras os procedementos sintácticos e formais da harmonía tonal. Mediante este criterio será posible avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os procedementos harmónicos estudados e os elementos formais básicos, o seu papel funcional e a súa comprensión desde o punto de vista estilístico.

10) Identificar mediante a análise de obras os procedementos de transformación temática. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para recoñecer as transformacións temáticas dos materiais que interveñen nunha obra e a súa relación co contexto harmónico e estilístico.

11) Identificar auditivamente erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propor solucións. Preténdese avaliar a habilidade do alumnado para detectar por medio da audición os defectos que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propor alternativas adecuadas.

12) Identificar mediante a análise erros en exercicios preparados con esta finalidade, e propor solucións. Isto ha permitir valorar a habilidade do alumnado para detectar por medio

da análise os defectos que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propor solucións axeitadas.

13) Improvisar no piano, a partir de esquemas propostos, os encadeamentos de acordes e procedementos da harmonía tonal estudados,

dentro dun carácter basicamente homofónico. Con este criterio poderase valorar tanto a capacidade do alumnado para improvisar os encadeamentos e os procesos harmónicos básicos en todas as tonalidades como o grao de interiorización destes.

14) Tocar no piano os traballos realizados. A través deste criterio trátase de comprobar se o alumnado é quen de empregar un instrumento polifónico como medio de aprendizaxe para constatar sonoramente o escrito e interiorizar o efecto que producen as sucesións harmónicas realizadas.

Mínimos esixibles

1. Modulación. Definición. Clasificación. Parentesco ou afinidade tonal. Notas características ou diferenciais. Cambio de función tonal dos acordes.
2. Modulacións diatónicas.
3. Modulación cromática.
4. Modulación intratonal.
5. Acordes cuatriadas ou de sétima. Resolucións máis importantes en cada grao das escalas básicas:
 - 7ª de Dominante
 - 7ª sobre a sensible de ambos modos
 - 7ª sobre os grados 2º, 4º, 6º, 1º e 3º
6. Os acordes de sétima nas escalas menores auxiliares.
7. Resolucións secundarias dos acordes de sétima.
8. Progresións unitónicas con acordes de sétima.

9. Cambios de modo, cambio de ton e progresión modulante.

O grao de profundización estará baseado soamente na primeira e segunda avaliación.

Ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación).

Incorporase, a través das correspondentes programacións didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puido desenvolver.

O traballo realizado durante a 1ª/2ª avaliación correspóndese cos seguintes contidos:

UNIDADE 1: Modulación

UNIDADE 2: Modulación diatónica

UNIDADE 3: Modulación cromática

UNIDADE 4: Modulación intratonal

UNIDADE 5: Acordes cuatríadas

As partes do currículo que non se poideron desenvolver e que se incorporarán á programación do vindeiro curso son:

UNIDADE 6: Acordes de sétima en escalas menores

UNIDADE 7: Resolucións secundarias

UNIDADE 8: Prograsións unitónicas

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Procedementos e ferramentas de avaliación:

Procedementos: Terase en conta o traballo realizado durante a 1ª/2ª avaliación e realizaranse por vía telemática (os medios utilizados poden consultarse no apartado da metodoloxía)) traballos de repaso, recuperación e reforzo a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións).

Para este fin utilizaranse segundo as necesidades individuais do alumnado as seguintes **ferramentas:**

- **Probos escritos:** teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e realizaranse por vía telemática (Skype ou correo electrónico) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións)

- Diarios escolares onde apuntar as actividades realizadas en clase
- Cadernos de clase, libretas de exercicios e apuntes
- **Probas orais:** teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e poderanse realizar por vía telemática (videoconferencia) para o reforzo/ampliación/recuperación, a partir da declaración do estado de alarma, pero nunca minorando as cualificacións.
- **Observación sistemática:** utilizarase este procedemento para valorar as actividades de repaso/reforzo/ampliación/recuperación por vía telemática a partir da declaración do estado de alarma, deixando constancia dos resultados obtidos polo alumnado empregando o procedemento ordinario (caderno de seguimento do alumnado) e tendo en conta que en ningún caso minorarán as cualificacións.
- **Técnicas audiovisuais:** enviarase por parte do alumnado material audiovisual (audio/video) que sirva de referencia para valorar as aprendizaxes do alumnado a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as cualificacións).
 - Gravacións en audio, vídeo ou soporte informático
- **Traballos de investigación e desenvolvemento** . Os exercicios propostos serán enviados a través de Skype ou correo electrónico a partir da declaración do estado de alarma, tendo en conta o resultado soamente para incrementar a cualificación outorgada.
- **Informes:** a partir da declaración do estado de alarma, o alumno recibirá periódicamente informes personalizados por calquera das vías telemáticas utilizadas polo centro, tendo en conta o resultado soamente para incrementar a cualificación outorgada.

Cualificación final

- Será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo para valorar os atrasos que se puidesen producir así coma planificar medidas de recuperación de cara ao curso 2020/21
- Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación e ampliación das aprendizaxes realizadas durante o terceiro trimestre e que se detallan no apartado 3.
- As actividades de ampliación das aprendizaxes realizadas durante o terceiro trimestre servirán unicamente para favorecer ao alumnado.
- Considerarase positivo:
 - Realizar as actividades propostas.
 - Entregar as tarefas en prazo

Poderase incrementar en **1'5** puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

Recuperación da 1ª e 2ª avaliación

O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización de clases, probas e o envío de gravacións de audio/vídeo que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica.

As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

Ademais das clases telemáticas poderanse propoñer as seguintes probas (que se realizarán de xeito telemático) e que se axuntarán á materia desenvolvida durante a 1ª e 2ª avaliación:

- Exercicios propostos polo docente (35% da nota)
- Proba oral ou escrita na que se responderá a cuestións propostas polo Profesor (35% da nota)
- Traballo de investigación e desenvolvemento (20% da nota)
- Actitude de superación e capacidade de mellora (10%)

Proba extraordinaria de setembro

O alumnado que non acade unha cualificación positiva de 5 ou superior na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá na realización dunha serie de exercicios prácticos e estará baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación:

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- Exercicios de apoio propostos polo docente (35% da nota)
- Proba oral ou escrita na que se responderá a cuestións propostas polo profesor (35% da nota)

- Traballo de investigación e desenvolvemento (20% da nota)
- Actitude de superación e capacidade de mellora (10%)

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

Avaliación de materias pendentes

Neste caso concreto non procede establecer a avaliación de materias pendentes

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, reforzo, repaso, e ampliación).

Actividades

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores, tendo en conta que en ningún caso poderán minorar as cualificacións da 1ª/2ª avaliación.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu proceso formativo.

Deseñaranse actividades globalizadoras e interdisciplinares que os alumnos realizarán de xeito telemático.

Entre as propostas de actividades:

- Lectura dun tema ou partes dun tema proposto.
- Elaboración de resumos, esquemas, cadros.
- Resolución de exercicios e actividades teóricas e prácticas propostos polo profesor
- Audicións:
 - escoita das audicións indicadas que nalgúns casos, deberán buscar no internet.
 - Valoración persoal e crítica das audicións.
 - Elaboración de fichas sobre compositores, intérpretes.
 - Elaboración de fichas sobre obras.
 - Elaboración de fichas sobre distintos estilos: características, autores, etc
 - Análise auditivo oral, escrito.

Materiais e recursos

Profesorado:

- Teléfono móbil
- Ordenador, escáner, impresora
- Conexión a internet
- Skype, Webex, Zoom, correo electrónico, WhatsApp
- Libros de texto, partituras

Alumnado:

- Dispositivo para conexión a internet
- Skype e/ou Webex, Zoom, correo electrónico, WhatsApp
- Partituras enviadas polo profesor

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Información ao alumnado e ás familias

As principais vías de comunicación co alumnado e familias son:

- Email
- Chamadas, videochamadas
- WhatsApp
- Plataforma Skype, Zoom

Farase un seguimento continuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

Publicidade

O Centro informará ao seu alumnado e familias da presente programación didáctica a través de email, mensaxe ou chamada telefónica.

Así mesmo, a presente programación didáctica, publicarase na páxina web do Centro có fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.